

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 15 DE XULLO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día quince de xullo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Ledo Fernández, SUPLENTE: D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. tenente de alcalde, D. Bernardino Faro Lagoa, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión, o Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar e o concelleiro, D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 8 DE XULLO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de mellor estudo o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 8 de xullo do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PABLO PIÑEIRO SANTOS (BAR "LA TABERNA DE SAN GINÉS"), con DNI nº 78.733.747-D, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 27-1ºG-Cangas, para a ocupación de 32,00 m2. con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 21-Cangas, durante o ano 2013.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ALBERTO CASTRO ANTÓN (BAR "BONIN"), con DNI nº 78.737.564-P, con enderezo na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 37-Cangas, para a ocupación de 60,00 m2., diante do local sito en Paseo de Castelao, nº 1-Cangas, durante a tempada de verán, así como a ocupación de 28,00 m2., durante o período que vai de outubro a decembro do ano 2013, condicionado a deixar libre o paso de acceso ó Paseo de Castelao.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GUILLERMO REY GRAÑA, (BAR "LA MARINA") con DNI nº 35.301.137-R, en representación de "HERMANOS REY GRAÑA, C.B.", con CIF nº E-36.341.030, con enderezo en Eirado do Señal, nº 3-baixo-Cangas, para a ocupación de 44,00 m2., no referido lugar.

As autorizacións suxeitaranse ás seguintes:

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspecciona-lo ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2013, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2013.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

2.B) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON DEFICIENCIAS A SUBSANAR.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder, ós solicitantes que se relacionan de seguido, un prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles, a partir do día seguinte á notificación do presente acordo, para que presenten a documentación pertinente e que se indica a continuación. Se transcorrido o prazo de dez días non subsanan ditas deficiencias, entenderase desistido previa resolución expresa da súa solicitude conforme co artigo 71 da Lei 30/1992.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOAQUÍN CASÁS MOLANES (CAFETERÍA "O TOSTADEIRO"), DNI nº 76.805.877-E, con enderezo en Camiño da Fonte, nº 9-Gandón-Aldán, administrador de "SOCIEDADE CAFETERA DEL MORRAZO, JOMAIT, S.L.", con NIF nº B-36401073, para a ocupación de vía pública. Falta a presentación dos documentos de licenza de apertura, deseño e memoria descritiva.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ANGEL LÓPEZ PARCERO ("TABERNA DOS CHATA") con DNI nº 35.280.528-T, con enderezo en Rúa Fomento, nº 43-3ºD-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., en Rúa do Hío, nº 16-baixo-Cangas. Falta a presentación do documento de licenza de apertura.

2.C) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar, ós solicitantes que se relacionan de seguido, a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras:

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GUILLERMO MARTÍN SANTOMÉ CANCELAS ("PUB TRISKELE") con DNI nº 73.240.797-B, con enderezo en Rúa José Costa Alonso, nº 22-5ºD-Cangas, para a ocupación de 32,00 m2., en Rúa A Guardia, nº 14-baixo-Cangas, denégase porque a solicitude de ocupación de vía pública realizada non é para un establecemento hosteleiro.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 11 DE XULLO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) SOLICITUDES DE LICENZAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) DENEGA-LOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.908 E EXPEDIENTE Nº 06/11.- O tramitado a instancia de "PROPIEDADES RODRÍGUEZ MÉNDEZ, S.L.", con enderezo en Praza Eduardo, Barreiros 8-3ºB-Ourense, para hotel en Seixido- Coiro, acórdase DENEGAR o expediente, de conformidade coa resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 22 de xaneiro do 2013, que se achega.

EXPEDIENTE S/N.- O tramitado a instancia de Marina Couto Pérez, con enderezo en Rúa Doctor Carracido, nº 44-1ºB-Vigo, solicitando autorización para instalación de autocaravana en Vilanova-O Hío. Visto o Decreto 236/85, do 24 de outubro, da Xunta de Galicia que prohíbe a acampada libre en todo o territorio da Comunidade Autónoma, e a Ordenanza Reguladora da actividade de acampada do Concello de Cangas, aprobada con data 20 de decembro de 1996 polo Concello Pleno, DENÉGASE calquera tipo de instalación fóra de campamentos públicos, aínda que se realice en terreo privado.

3.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Andrés Carlos Iglesias Fernandez, Ref. Expte. A-PO- 2012/207 para terreo sito en Punta Couso-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de costas, solo non urbanizable de protección de espazos naturais."*

EXPEDIENTE Nº 18/13.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PARA CONSTRUCCIÓN DE PISCINA EN VILARIÑO-O HÍO, PETICIONADA POR PEDRO FERNÁNDEZ SANROMAN.

A Xunta de Goberno Local acordou aprobar integramente o informe proposta da Xefa do servizo de Urbanismo:

"ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- PEDRO FERNÁNDEZ SANROMAN, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Pontevedra, nº 4-4ºC-Vigo, solicita licenza para construción de piscina en Vilariño-O Hío, achegando anteproxecto elaborado polo arquitecto, Alfonso Penela, de data 6 de maio do 2013.

SEGUNDO.- Obra no expediente informe do arquitecto municipal de data 3 de xuño do 2013, no que indica que o expediente cumpre as determinacións establecidas nas Normas subsidiarias de planeamento de Cangas, así como, informa da necesidade de tramitar a correspondente autorización autonómica e recabar os informes sectoriais de aplicación.

TERCEIRO.- Debe tramitarse a autorización autonómica previa para as actividades de baño que se desenvolvan ó aire libre sito nun solo clasificado como rústico de protección costas.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 51.4 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba o POL, debe solicitarse da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe informe sobre o proxecto.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- O artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

- Os artigos 31 e seguintes, 41 e 208 e a DT 1. F) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- O Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da

Lei do solo de Galicia, [actualmente vixente en todo o que non se opoña ó establecido pola Lei 9/2002, do 30 de decembro].

- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Os propietarios ou propietarias de terreos clasificados como solo rústico terán o dereito a usar, gozar e dispor deles de conformidade coa natureza e destino rústico destes e o disposto na súa lexislación sectorial. Para estes efectos, as persoas propietarias poderán levar a cabo os usos e actividades enumerados no artigo 33 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural, segundo as distintas clasificacións do solo rústico outorgadas polo planeamento

Os propietarios ou propietarias de solo rústico haberán de:

a) Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de ser o caso e por esta orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o plan urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.

b) Solicitar autorización da comunidade autónoma para o exercicio das actividades autorizables nos casos previstos na presente lei, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial correspondente.

c) Solicitar, nos supostos previstos na lexislación urbanística, a oportuna licenza municipal para o exercicio das actividades contempladas no artigo 33 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

d) Realizar ou permitir realizar á administración competente os traballos de defensa do solo e a vexetación necesarios para a súa conservación e para evitar riscos de inundación, erosión, incendio, contaminación ou calquera outro risco de catástrofe ou simple perturbación do medio ambiente, así como, da seguridade e saúde públicas.

e) Cumprir as obrigacións e condicións sinaladas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, para o exercicio das facultades que correspondan segundo a categoría de solo rústico, así como, as maiores restriccións que sobre elas impoña o planeamento urbanístico.

f) Realizar os traballos de restauración paisaxística ou medioambiental necesarios para repoñer o solo rústico.

SEGUNDO.- A autorización autonómica tramítase para construción de unha piscina situada sobre un solo clasificado como SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS.

TERCEIRO.- Os usos e actividades posibles en solo rústico serán os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, entre o que se atopa:

J) Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo , soliocultural , recreativo e de baño, que se desenvolvan ó aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

CUARTO.- Os usos en solo rústico determínanse para cada categoría de solo, como:

— Usos permitidos: os compatibles coa protección de cada categoría de solo rústico, sen prexuízo da esixibilidade de licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan.

— Usos autorizables: os suxeitos a autorización da administración autonómica, previamente á licenza urbanística municipal e nos que deban valorarse en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa autorización, coas cautelas que procedan.

— Usos prohibidos: os incompatibles coa protección de cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioro dos valores protexidos.

No solo rústico de protección de costas os usos contidos no artigo 33.2 j, son autorizables pola Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 38 da LOUGA, sempre que quede gartandida a integridade dos valores obxecto de protección.

A DT 1 F) da lei establece que: "Ó solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico".

QUINTO.- A competencia para o outorgamento da autorización autonómica corresponde ó secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo.

SEXTO.- O procedemento a seguir para a tramitación da autorización autonómica en solo rústico é o seguinte:

A.- Presentada a correspondente solicitude polo promotor perante o concello, xunto co anteproxecto do técnico competente e a documentación necesaria emitírase informe polos Servizos Técnicos Municipais, en relación coa idoneidade da solicitude e a súa adecuación ó ordenamento xurídico, e en

concreto, á Lei 9/2002 e ós instrumentos de ordenación urbanística deste concello.

B.- Recibido o informe dos Servizos Técnicos, a Corporación someterá o expediente a información pública por un prazo de mínimo vinte días, mediante anuncio en taboleiro de edictos do concello e nun dos diarios de maior difusión no municipio, no que se deberá indicar, como mínimo, o emprazamento, o uso solicitado, a altura e ocupación da edificación pretendida, e o lugar e horario de consulta da documentación completa.

C.- Concluído o trámite de información pública, a Corporación remitirá o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, incluíndo as alegacións presentadas e os informes dos técnicos municipais e do órgano municipal que teña atribuída a competencia para outorgar a licenza de obra.

SÉTIMO.- Transcorrido o prazo de dous meses sen que a Corporación remitise o expediente completo á citada consellería, os interesados poderán solicitar a subrogación desta última, que reclamará o expediente ó concello e proseguirá a tramitación ata a súa resolución.

OITAVO.- A consellería poderá solicitar ó promotor a documentación e información complementaria que estime necesaria ou ben a corrección das deficiencias da solicitude para adaptarse ó disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Así mesmo, poderá solicitar dos organismos sectoriais correspondentes os informes que se consideren necesarios para resolver.

NOVENO.- O secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo, examinará a adecuación da solicitude á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e ós instrumentos de ordenación do territorio e resolverá no prazo de tres meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería cómpetente, concedendo a autorización simplemente ou condicionándoa xustificadamente á introducción de medidas correctoras, ou ben denegándoa motivadamente. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, entenderase denegada a autorización por silencio administrativo.

DÉCIMO.- O expediente someteuse a información pública por un prazo de 20 días mediante a inserción dun anuncio no Faro de Vigo en data 30 de maio e a publicación deste no taboleiro de anuncios. Durante a exposición pública non se formularon alegacións, visto o certificado emitido pola secretaria municipal en data 28 de xuño do 2013.

Obra no expediente informe do arquitecto municipal de data 3 de xuño do 2013, no que indica que se deberán aportar o informes sectorial de costas e tramitar a correspondente autorización autonómica.

Polo exposto emítase o seguinte INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por PEDRO FERNÁNDEZ SANROMAN, no senso de tramitar en solo rústico de costas autorización autonómica para a construción de unha piscina no lugar de Vilariño-O Hío, de conformidade co anteproxecto elaborado, polo arquitecto, Alfonso Penela, en data 6 de maio do 2013. O uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33, 36 e 38 e a DT 1 f) da LOUGA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e ós instrumentos de ordenación do territorio, e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe de costas e do POL.

CUARTO.- Notificar este acordo os interesados no expediente, entre os que figuran os titulares das alegacións presentadas que así o solicitan expresamente."

3.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.548.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Jaime Núñez Riobó, con enderezo en Camiño de Piñeiro, nº 3-San Paio de Navia-Vigo, e que consiste nunha división en 5 parcelas netas, nº 1 de 1.101,85 m²., nº 2 de 585,00 m²., nº 3 de 517,00 m²., nº 4 de 516,00 m²., e nº 5 de 473,00 m²., e outras cinco parcelas de cesión, nº 6 de 73,45 m²., nº 7 de 58,50 m²., nº 8 de 43,37 m². nº 9 de 60,15 m²., nº 10 de 104,20 m². procedentes de un predio matriz de 3.532,47 m²., sito en Santa Marta-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado con data 26 de setembro do 2006, redactado polo arquitecto, José A. Alonso Rial.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que axustarse a parcelación, teñen que incorporarse a vía pública as parcelas: nº 6, 7, 8, 9 e 10.

Terceiro.- Aprobar a liquidación efectuada en concepto de taxa pola tramitación do expediente.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.278.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Verín, nº 13-Coiro, executar unha canalización de 43,05 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.
- Non se permiten reposicións parciais.
- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

- Debe presentar un aval por importe de DOUS MIL CENTO VINTE E CINCO CON NOVENTA E OITO (2.125,98) euros, para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Gas Galicia" o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

- Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

- *Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

- *Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.366.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Baiona, nº 12-Cangas, executar unha canalización de 1,20 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

- Non se permiten reposicións parciais.

- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS (300,00) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Gas Galicia" o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

- Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

- *Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.377.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para no Espírito Santo, nº 62-Coiro, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

- Non se permiten reposicións parciais.

- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS (300,00) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Gas Galicia" o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

- Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.378.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Baiona ata o nº 30-Cangas, executar unha canalización de 35,87 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

- Non se permiten reposicións parciais.

- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de MIL CINCOCENTOS DEZAOTO CON CINCUENTA E CATRO (1.518,54) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Gas Galicia" o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

- Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da emprea a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.490 E Nº 1.632/13.- A Manuel Cordeiro Domínguez, con enderezo na Avda. da Coruña, nº 76-1º-Darbo, para na Avda. da Coruña, nº 76-baixo-Darbo, acondicionar interiormente un local para bar nunha superficie de 3,00 m2., de conformidade co proxecto visado o 15 de xaneiro do 2013.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación, no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.634.- A Josefa Martínez Martínez, con enderezo na Estrada Erbello, nº 7-A Madalena-Darbo, para no referido lugar, reparar a cuberta da vivenda nunha superficie de 150,00 m2., de conformidade co proxecto de xuño do 2013, e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 1 de xuño do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.647.- A Francisco Eugenio Fernández Graña, con enderezo en Rúa Méndez Núñez, nº 21-Cangas, para no referido lugar, renovar a fachada principal do edificio nunha superficie de 96,00 m²., de conformidade coa co proxecto visado o 14 de xuño do 2013.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE N° 24.650.- A "CONSERVAS ARTEMAR, S.L.", con enderezo en Rúa Noria, nº 6-Cangas, para no Eirado do Señal, nº4-Cangas, reparar exterior e interiormente un local, de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1666/13.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR DIANA NOVAS PORTELA E JOSE C. SOLIÑO POUSADA.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, dedicado a café-bar, que ata a data rexentaba "ANDURIÑA, C.B.", e que a partir desta data pasa a DIANA NOVAS PORTELA E JOSE C. SOLIÑO POUSADA, con enderezo na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.667/13.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR ANGELA GALLEGU CADABÓN.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento sito en Rúa Noria, nº 3-baixo-Cangas, dedicado a inmobiliaria, que ata a data rexentaba Ana Isabel Otero Campos, e que a partir desta data pasa a ANGELA GALLEGU CADABÓN, para centro de dietética (Naturhouse), con enderezo na Rúa Noria, nº 3-baixo-Cangas.

4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 11/2013.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 8.7.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 11/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 11/2013.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no lugar de Viñó-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un muro de contención cunha altura media de 0,60 m., e máxima de 1,30 m., sen axustarse á licenza nº 23.397, concedida para un cerramento de 2,00 m. de malla metálica.

Resultando que, con data 5 de xullo do 2013 a inspección municipal informa que presentado no lugar se comproba que os muros foron rectificadas ata adecuarse ás dimensións sinaladas na ampliación da licenza nº 23.397.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Benigno Rodríguez Gonzalo, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 11/2013.

4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 8/2011.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 1.7.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 8/2011, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 8/2011.

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen axustarse á licenza municipal nº 21.833, no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento a base de postes de formigón a unha altura de ata 2,00 m., e bloques de formigón ata 1,00 m. de alto.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 11 de maio do 2011 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables, por non cumprir coas características constructivas para cerramentos situados en solo rústico de protección de espazos naturais.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados María Fernández Santomé, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.I.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da

Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 8/2011.

4.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2012.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 21.6.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 30/2012, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR

EXPEDIENTE Nº 30/2012.

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar do Viso, nº 4-O Hío consistentes en: realizar unha pequena cuberta de sup. aprox. 2 x 0,50 m., no lugar onde fora demolida a caseta para a que se solicitou licenza de legalización como "caseta para leñera", que foi denegada segundo a licenza nº 22.678 A.

Resultando que, con data 13 de xuño a inspección de obras informa que presentado no lugar compraba que foi retirado o tellado obxecto do expediente de reposición da legalidade nº 30/2012.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Inés Otero Pérez, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220. l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 30/2012.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 11.7.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Don: C.P.M., co expediente de dependencia nº: VI 0000035824, o Servizo de Axuda a Domicilio, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza reguladora do SAF, e de acordo cos seguintes detalles:*

- Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

**Atencións de carácter psico - social ou educativo.*

- Custo do servizo: 862,40 €.

- Achega económica da persoa usuaria: (12%) 103,48 €.

- Número de horas: 70.

- Data prevista de alta no SAF: 16 de xullo do 2013."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- ESCRITO DE ALMUDENA GONZÁLEZ PAZÓ S/COMUNICACIÓN DE OCUPACIÓN EFECTIVA DE POSTO DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL. (V-13/009).

Vista a proposta de data 11.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 17 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 17 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Visto o escrito presentado o 08/07/2013 por ALMUDENA GONZÁLEZ PAZÓ, DNI 36169394P, con enderezo en Areacova, Espiñeira, nº 62-Aldán, no que indica que sendo autorizada para o cambio de titularidade do posto de peixe nº 17 da Praza de Abastos, comunica que o cambio se fixo efectivo e achega o xustificante do pago das taxas municipais por transmisión ó que se condicionaba a transmisión.

Visto que a interesada cumpre así co disposto respecto das transmisións, artigo 31 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, vixente e coa condición establecida no acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/05/2013, pola que se autorizou a transmisión.

Visto o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación de transmisión efectiva e do cumprimento da condición establecida no acordo de Xunta de Goberno Local, pola que se autorizaba a transmisión a favor de Almudena González Pazó, DNI nº 36169394P, con enderezo en Areacova, Espiñeira, nº 62-Aldán, da concesión sobre o posto nº 17 do que era titular Mario Cordero Casal a efectos da súa formalización que se estenderá ata o transcurso de trinta anos desde a concesión inicial o 03/09/2005.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados, así como á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 17 do Mercado Municipal de Abastos.

7º.- ESCRITO DE MARTA VILAS BARREIRO S/COMUNICACIÓN DE OCUPACIÓN EFECTIVA DE POSTO DE CARNICERÍA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL. (V-12/033).

Dase conta de proposta de data 11.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a comunicación de ocupación efectiva de posto de carnicería na Praza de Abastos Municipal, por parte de Marta Vilas Barreiro, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE CARNICERÍA Nº 14 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Visto o escrito presentado o 04/07/2013 por MARTA VILAS BARREIRO, DNI 3602362ID, con enderezo en Rúa Enseñanza nº 56-2ºD, no que indica que

sendo autorizada para o cambio de titularidade do posto de carnicería nº 14 da Praza de Abastos, comunica que o cambio se fixo efectivo e achega o xustificante do pago das taxas municipais por transmisión ó que se condicionaba a transmisión.

Visto que a interesada cumpre así co disposto respecto das transmisións, artigo 31 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente e coa condición establecida no acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/05/2013, pola que se autorizou a transmisión.

Visto o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación de transmisión efectiva e do cumprimento da condición establecida no acordo de Xunta de Goberno Local, pola que se autorizaba a transmisión a favor de Marta Vilas Barreiro, DNI 36023621D, con enderezo en Rúa Enseñanza nº 56-2ºD, da concesión sobre o posto nº 14 de carnicería, do que figuraba como titular, Rafael Vilas Barreiro, a efectos da súa formalización que se estenderá ata o transcurso de trinta anos desde a concesión inicial que tivo lugar o 03/09/2005.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados, así como, á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a comunicación de ocupación efectiva de posto de carnicería na Praza de Abastos Municipal, por parte de Marta Vilas Barreiro.

8º.- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN REFERENTES A PRÓRROGA DE AUTORIZACIÓNS DOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE.

8.A) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR MANUEL GARCÍA MANEIRO, FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

Examinada a proposta de data 11.7.13, da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de reposición por denegación de prórroga de autorización de posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro do 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2012, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización.

II.- Rematado o prazo indicado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013, declarouse a revogación das licenzas daqueles titulares que non tiñan presentado solicitude de renovación no prazo outorgado, mes de xaneiro de 2013, para solicitar a renovación.

III.- Por Manuel García Maneiro, foi presentado recurso de reposición fronte ó acordo anterior con data 05/06/2013, no que en síntese alega que presentou a documentación necesaria para renovar a licenza revogada o 05/03/2013 no Rexistro da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela.

CONSIDERARCIÓNS XURÍDICAS:

Do propio contido do recurso de reposición presentado se extrae que a solicitude de renovación foi presentada fóra do prazo outorgado para tal efecto, o mes de xaneiro de 2013, sendo este o motivo no que se basea o acordo recorrido para declarar a revogación da licenza.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Manuel García Maneiro o 05/06/2013 contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, polo que se declara revogada a licenza de venda ambulante da que era titular o recorrente de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó interesado xunto cos recursos procedentes, así como, ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, advertindo que como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS

MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de reposición por denegación de prórroga de autorización de posto de venda ambulante.

8.B) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS VARIOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGAS PARA O ANO 2013 DE LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

Examinada a proposta de data 11.7.13, da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recursos varios de reposición referentes a denegación de prórroga de autorizacións dos postos de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ó ano 2012, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto, coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización.

II.- Rematado o prazo indicado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 declarouse a revogación das licenzas daqueles titulares que non tiñan presentado solicitude de renovación no prazo outorgado, mes de xaneiro de 2013, para solicitar a renovación, así como, daqueles titulares que presentando dita solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa e tras ser requiridos non acreditaron satisfactoriamente a subsanación no prazo outorgado para tal efecto.

III.- Polos titulares que mais adiante se expoñen foron presentados escritos con posterioridade a notificación do devandito acordo cualificados como recurso de reposición fronte a este achegando documentación para a renovación das autorizacións para a venda ambulante nos seus postos.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Os escritos presentados non desvirtúan o acordo adoptado polo que se declara a revogación da licenza dado que non xustifican a subsanación das deficiencias detectadas e comunicadas para a súa emenda dentro do prazo outorgado para tal efecto.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, polo que se declara revogada a licenza de venda ambulante de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas presentados por:

NOME E APELIDOS	ENDEREZO
<i>Manuel Rivera Díaz</i>	<i>Farnadeiros, nº 1-O Corgo (Lugo)</i>
<i>Arlindo Manuel Pereira Mendes</i>	<i>R. Lugo, nº 2 port. 2-1º-C- Salceda de Caselas</i>
<i>Pedro Jiménez Borja</i>	<i>R. Dr. Paz Varela, nº 5-5ºC-O Porriño</i>
<i>M. Carmen Viéitez Sotelo</i>	<i>Félix Ozámiz, nº 11-Baixo-Cangas</i>
<i>Jessica Jiménez Duval</i>	<i>Pol Torneiros fase 5, nº 2- 1ºC-O Porriño</i>
<i>Ricardo Sotelo Germade</i>	<i>A Retirosa, nº 61-A-Coiro-Cangas</i>
<i>Moussa Ndiaye</i>	<i>R. Juan Bautista Andrade, nº 109-1º-A-Pontevedra</i>
<i>Nicolás Escudero Jiménez</i>	<i>R. Antonio Palacios, nº 41-5º-O Porriño</i>
<i>Lourdes Calvar Santos</i>	<i>Cño. Cunchido de Arriba, nº 35</i>
<i>Rosa Pena Sotelo</i>	<i>Cela, Ximeu, nº 4</i>
<i>Mª Rosa Pazos Miranda</i>	<i>Av. Vigo, nº 64-Cangas</i>
<i>Eusebio Duval Gómez</i>	<i>Pol Torneiros 3 fase, bloq 20-4ºA-O Porriño</i>

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós interesados, así como, ços departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, advertindo que como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recursos varios de reposición referentes a denegación de prórroga de autorizacións dos postos de venda ambulante.

8.C) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS VARIOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGAS PARA O ANO 2013 DE LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

Examinada a proposta de data 11.7.13, da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recursos varios de reposición referentes a denegación de prórroga de autorizacións dos postos de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ó ano 2012, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización.

II.- Rematado o prazo indicado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 declarouse a revogación das licenzas daqueles titulares que non tiñan presentado solicitude de renovación no prazo outorgado, mes de xaneiro de 2013, para solicitar a renovación.

III.- Polos titulares que mais adiante se expoñen foron presentados escritos con posterioridade a notificación do devandito acordo cualificados como recurso de reposición fronte a este achegando documentación para a renovación das autorizacións para a venda ambulante nos seus postos.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Os escritos presentados non desvirtúan o acordo adoptado ó non xustificar a presentación dentro do prazo outorgado, mes de xaneiro de 2013, da solicitude de renovación de licenzas malia constar a notificación da apertura dese período coa advertencia expresa de que ó non presentar esa solicitude no prazo outorgado tería a consideración de renuncia voluntaria.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, polo que se declara revogada a licenza de venda ambulante de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas presentados por:

Nome e apelidos	Enderezo	Data de presentación
<i>Alba Jiménez Jiménez</i>	<i>Augusto Besada, 17, 15A-Tui</i>	<i>24/05/2013</i>
<i>Rubén Jiménez Mendoza</i>	<i>Av. Aeroporto nº 1, 19D-Vigo</i>	<i>28/05/2013</i>
<i>Carlos Sanromán Veiga (Agrocar, S.C)</i>	<i>Est. Vella Quintela, 2. Redondela-36817</i>	<i>30/05/2013</i>
<i>Rosa Mercedes Parada Alonso</i>	<i>Sb. a Buraca nº 46, Redondela-36320</i>	<i>07/06/2013</i>
<i>M- Soraya León Escudero</i>	<i>R. Marín nº 19, 89 esq.-Vigo-36209</i>	<i>05/07/2013</i>

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós interesados así como ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, advertindo que como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recursos varios de reposición referentes a denegación de prórroga de autorizacións dos postos de venda ambulante.

9º.- PROPOSTAS DE AUTORIZACIÓNS DE TRASLADO DE POSTOS DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE TRASLADO DO POSTO Nº 51 Ó POSTO Nº 35 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-13/015).

Dase conta de proposta de data 11.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de traslado do posto nº 51 ó posto nº 35 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE DE TRASLADO DO POSTO Nº 51 Ó POSTO Nº 35 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-13/015).

ANTECEDENTES:

1.- Por mor das reformas que se van acometer no Mercado Municipal de Abastos de Cangas, o concello notificou a Josefa Ventosinos Piñeiro, que debía trasladarse do posto 51 do que é titular ata o de agora ó posto nº 35.

2.- Por escrito de data de rexistro de entrada 01/07/2013 a interesada comunica que o posto asignado inicialmente polo concello non reunía as condicións e servizos mínimos para manter a mercancía en debidas condicións, polo que opta por cambiarse ó posto nº 35 de peixe para o que se solicita que se teña por efectuado o traslado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

O artigo 29 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP 16/08/2005) respecto dos traslados de postos dispón que: 'O concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios.'

Sendo decisión discrecional do concello o traslado de postos, toda vez que concorre a circunstancia prevista no artigo transcrito, e tomando en consideración a alternativa de traslado proposta pola interesada fronte a inicialmente indicada polo concello, toda vez que esta nin afecta ó interese xeral, nin a terceiros e a interesada recoñece implicitamente que esta alternativa lle resulta satisfactoria por reunir as condicións precisas para o exercicio da actividade.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de traslado formulada por Josefa Ventosinos Piñeiro de data 01/07/2013 do posto nº 51 do que era titular ata o de agora ó posto nº 35, que reúne as condicións para o exercicio da súa actividade, por mor das obras de reforma que se van executar no Mercado Municipal de Abastos, advertindo que este traslado non supón variación dos termos da concesión da que é titular máis alá do traslado físico, sen que resulten modificados nin a duración nin as restantes condicións da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós interesados xunto cos recursos procedentes, así como, ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ó conserxe da Praza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de traslado do posto nº 51 ó posto nº 35 do Mercado Municipal de Abastos.

9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE DE TRASLADO DO POSTO Nº 48 Ó POSTO Nº 18 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Dase conta de proposta de data 11.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de traslado do posto nº 48 ó posto nº 18 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE DE TRASLADO DO POSTO Nº 48 Ó POSTO Nº 18 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

ANTECEDENTES:

1.- Por mor das reformas que se van acometer no Mercado Municipal de Abastos de Cangas, o concello notificou a Josefa Martínez Fernández, que debía trasladarse do posto 48 do que é titular ata o de agora ó posto nº 67.

2.- Por escrito de data de rexistro de entrada 01 /07/2013 a interesada comunica que o posto asignado inicialmente polo concello non reunía as condicións e servizos mínimos para manter a mercancía en debidas condicións, polo que opta por cambiarse ó posto nº 18 de peixe para o que se solicita que se teña por efectuado o traslado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

O artigo 29 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP 16/08/2005) respecto aos traslados de postos dispón que: 'O concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios.'

Sendo decisión discrecional do concello o traslado de postos, toda vez que concorre a circunstancia prevista no artigo transcrito, e tomando en

consideración a alternativa de traslado proposta pola interesada fronte a inicialmente indicada polo concello, toda vez que esta nin afecta ó interese xeral, nin a terceiros e a interesada recoñece implicitamente que esta alternativa lle resulta satisfactoria por reunir as condicións precisas para o exercicio da actividade.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de traslado formulada por Josefa Martínez Fernandez, de data 01/07/2013, do posto nº 48 do que era titular ata o de agora ó posto nº 18, que reúne as condicións para o exercicio da súa actividade por mor das obras de reforma que se van executar no Mercado Municipal de Abastos advertindo que este traslado non supón variación dos termos da concesión da que é titular máis alá do traslado físico, sen que resulten modificados nin a duración nin as restantes condicións da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós interesados xunto cos recursos procedentes, así como, ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ó conserxe da Praza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de traslado do posto nº 48 ó posto nº 18 do Mercado Municipal de Abastos.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

10.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
INDALECIO NOVAS MARTÍNEZ DNI Nº 78.734.558-S	Baixada á Praia de Arneles, nº 1-O Hío.	Rúa David Cal, nº 11-O Hío.

HORTENSIO DÍAZ BECERRÁ CHAOS DNI Nº 33.593.870-R	Isla de Man, nº 6-2º esquerda-Lugo.	Baixada á Praia de Menduíña, nº 48-Aldán.
--	--	--

10.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
OLGA FANDIÑO CANCELAS DNI nº 76.830.119	Avda. José Mª Castroviejo, nº 5-Coiro.	Avda. José Mª Castroviejo, nº 5-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 674, concedido en X.G.L. de data 16.8.07 á solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

FERNANDO LUACES FERNÁNDEZ DNI nº 32.513.917	Avda. José Mª Castroviejo, nº 5-Coiro.	Avda. José Mª Castroviejo, nº 5-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 536, concedido en X.G.L. de data 14.7.05 ó solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
---	---	--

10.A.3) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE NO CASCO URBANO.

Visto o escrito presentado en data 17.6.13 por AGUSTÍN VILAS OTERO, con DNI nº 35.971.180-X, con enderezo en rúa Fomento, nº 43-Cangas, no que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente en Rúa do Hío, nº 14-Cangas, xa que desapareceu o sinal instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda autorizar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

PRIMEIRO.- Conceder ó Sr. Vilas Otero, a baixa do sinal de pasaxe permanente sito no lugar de Rúa do Hío, nº 14-Cangas.

SEGUNDO.- Por tratarse de casco urbano non procede conceder a baixa da entrada de vehículos existente no referido lugar.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ó departamento de Xestión de Ingresos Municipal.

10.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA):

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, autorizar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

1.- A ESTEBAN MALVIDO RODRÍGUEZ, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 93-B-Coiro, para o pintado de sinalización horizontal diante da súa entrada sita no referido lugar, a cal conta con sinal de pasaxe permanente.

2.- A SANTIAGO ARROYO GARCÍA, con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1ºI-Cangas, administrador da "Comunidade de Propietarios PRIMAVERA", con NIF nº H-36.432.615, para o pintado de sinalización horizontal diante da entrada do garaxe do edificio sito en Camiño Vello, nº 3-Rodeira.

10.C) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN PRAIA DE MENDUÍÑA.

Examinada a solicitude presentada en data 1.7.13 por BLANCA ABREU HERNÁNDEZ, con DNI nº 5.417.508-L, con enderezo en Pozuelo de Alarcón-Madrid, na que demanda a instalación doutro sinal que indique claramente a sinalización de minusválidos existente na zona da Praia de Menduíña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 3.7.13 pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder á sinalización horizontal que complemente a sinalización vertical que delimite zona reservada a minusválidos no lugar de Praia de Menduíña.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Oficina Técnica Municipal e á Policía Local.

10.D) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN VERTICAL EN CAMIÑO DE GARITA.

Vista a solicitude presentada en data 27.6.13 por GUSTAVO PASTORIZA FERVENZA, con enderezo en Camiño da Garita, nº 3-1ªA-Coiro, no que demanda a instalación de dous sinalis verticais de prohibido estacionar na entrada do garaxe da súa vivenda sita no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 3.7.13 pola Policía Local, acorda deixar este asunto sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/CONSTRUCCIÓN DE UNHA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 11.6.13, referente á constitución de unha mesa de contratación permanente, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DE UNHA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

Visto o artigo nº 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, segundo o cal os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1, sendo potestativa a súa constitución nos procedementos negociados sen publicidade.

Visto que o artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, obriga a publicar no Boletín Oficial da Provincia a composición da mesa de contratación no caso de que esta se constitúa con carácter permanente.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Constituír unha mesa de contratación permanente que asista ó órgano de contratación nos procedementos de adxudicación de tódolos contratos excepto os menores.

Segundo.- Designar ós seguintes membros da mesa de contratación permanente:

- *PRESIDENTE (podendo actuar indistintamente):*

- * *Alcalde do Concello de Cangas.*
- * *Concelleiro de Administración Local e Facenda.*

- *VOGAIS:*

- * *Secretaria xeral ou funcionario/a en quen delegue e que teña atribuídas funcións de asesoramento xurídico.*

- * *Interventora ou funcionario/a en quen delegue e que teña atribuídas funcións relativas ó control económico-orzamentario.*

- * *Concelleiro de Administración Local e Facenda (cando non actúe como presidente da mesa).*

- * *Concelleiro de Urbanismo e Vivenda.*

- * *Concelleira de Persoal e Participación Veciñal.*

- *SECRETARIO/A (podendo actuar indistintamente): o xefe do negociado de Disciplina Urbanística.*

- * *Técnica de Administración Xeral do servizo de Apoio Xurídico a Secretaría.*

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e en todo caso, o presidente, o/a secretario/a e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ó asesoramento xurídico (secretaria xeral) e ó control económico-orzamentario do órgano de contratación (interventora municipal). Tódolos membros da mesa terán voz e voto, excepto o/a secretario/a que actuará con voz pero sen voto.

Terceiro.- Cando así o requira a natureza do contrato a adxudicar, o presidente poderá decidir a incorporación á mesa de cantos asesores crea convenientes en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, e poderán asistir ás reunións con voz pero sen voto, sen que teñan a consideración de vogais nin outra función máis que a de informar e asesorar en forma non vinculante ós compoñentes da mesa.

Cuarto.- A mesa de contratación permanente rexerese, en canto ó seu funcionamento, polo presente acordo, polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, polo establecido en materia de órganos colexiados no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común, e pola demais normativa que resulte de aplicación.

Quinto.- Este acordo surtirá efectos desde o día da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 11.6.13, referente á constitución de unha mesa de contratación permanente.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

12.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/DECRETO DIMANANTE DO PROCEDEMENTO PEZA DE TASACIÓN DE CUSTOS 4051/2011, RECURSO DE APELACIÓN Nº 4051/2011 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 12.7.13, referente a Decreto de data 6.3.13, dimanante do procedemento peza de tasación de custos 4051/2011, recurso de apelación 4051/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que é como segue:

"Proposta de Alcaldía en relación co Decreto de data 6 de marzo de 2013 dimanante do Procedemento Peza de tasación de custos 4051/2011, Recurso de Apelación 4051/2011, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Adm Sec.2.

Visto que por sentenza do 5 de maio do 2011 condenouse ó Concello de Cangas e á Xunta de Compensación da Unidade de Actuación número 5, polígono 1 de Cangas, ó pago de custos procesais ó desestimarse os recursos de apelación interportos trala anulación do acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono nº 1 da UA-5.

Resultando que por Decreto do 6 de marzo do 2013 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Adm Sec.2, acordouse aprobar a tasación de custos practicada por importe de 1.807,89 euros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do contido por Decreto do 6 de marzo do 2013 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Adm Sec.2, polo que, se aprobou a tasación de custos practicada por importe de MIL OITOCENTOS SETE CON OITENTA E NOVE (1.807,89) euros, que debe ser aboado polas partes demandadas.

Segundo.- Ordenar o pago do 50% de dita cantidade a aboar na conta de consignación do Banco Banesto nº 1517 0000 93 4051 11.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Urbanismo, Intervención e Tesourería para os efectos oportunos, así como ó Xulgado unha vez efectuado o pagamento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a Decreto de data 6.3.13, dimanante do procedemento peza de tasación de custos 4051/2011, recurso de apelación 4051/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

12.B) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 153/2013 DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 365/2012-C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

SENTENZA Nº 153/2013 DE DATA 4.07.2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDUREMTO ABREVIADO Nº 365/2012-C (X-12/34).

- Reclamante: Construcciones Vale, S.L.
- Obxecto: devolución de avais.
- Sentenza: desestima o recurso porque os avais xa foran devoltos e denégalle o dereito a cobrar os xuros devengados por non reclamarlos previamente en vía administrativa.
- A sentenza é firme, contra esta non cabe recurso.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.